

A man in a dark suit and tie is walking a black donkey through a grassy, hilly landscape. The man is looking towards the camera with a serious expression. The background shows rolling green hills under a clear sky. The image is framed by a white border with some geometric cutouts.

NUMAX PRESENTA:

62 | FEBREIRO 2023




Librería

Febreiro, pasa lixeiro: dez propostas para a cativada


O mes máis curto do ano chega cargado de novidades de literatura infantil e xuvenil. Nesta selección atoparedes libros singulares e creativos, cómics de aventuras ou títulos cos que aprender matemáticas ou zooloxía. Lembra que xusto na entrada da Librería NUMAX poderedes atopar títulos dende 0 a 99 anos!




365 Pinguins
Joëlle Jolivet & Jean-Luc Fromental
ORPHEU NEGRO
16 €



Superpataca, enredo cósmico (A vinganza do rei Lesma)
Artur Laperla
BANG
13 €



Colorea y marcha
Hervé Tullet
COCO BOOKS
18,20 €



As aventuras de Huckleberry Finn
Mark Twain
SUSHI BOOKS
22 €




¿Por qué no llueve?
Katarina Macurová
TRAMUNTANA
15,50 €



Las almohadas mágicas
Evyénios Trivizás e Noemí Vola
BLACKIE BOOKS
12,90 €



Pequena fauna do Cantigueiro de Cotobade
David Carballal
A CHALANA EDITORIAL
12 €



Violeta Paraplúie e outras historias de xente pouco corrente
Ramon D. Veiga
EMBORA EDICIÓN S
14 €



Simona es una persona
Belén Gaudes e Pablo Macías
CUATRO TUERCAS
16 €



Bisonte quiere hibernar
Oksana Bula
MIAU
15,95 €


Presentacións



VENRES

**3 DE FEBREIRO
ÁS 20H30**

Presentación
de *La belleza
de los muertos* de
Ildefonso Rodríguez
(Eolas Editorial)
co acompañamento
musical de
Bernardo Martínez
e **Cova Villegas**.



**XOVES 9 DE FEBREIRO
ÁS 20H00**

Presentación do libro
*Mañana vino a verme
la luna de los pájaros
grandes* de **Alfonso
Pexegueiro**
(Lumbría Editorial).
O autor estará
acompañado
de **David Souto
Alcalde** e **Paula
Dominguez**.



Cinéma



Filme
do mes:

O TRIÂNGULO DA TRISTEZA

ESTREA 17 FEB

Ruben Östlund, 149', VOSG, SV, +12

Con Harris Dickinson, Charlbi Dean

Unha parella de modelos son convidados a un cruceiro de luxo. Cando o barco afunde acaban nunha illa deserta cun grupo de multimillonarios e unha señora da limpeza. Na loita pola supervivencia, as antigas xerarquías mudan xa que a limpadora é a única que sabe pescar. Mordaz sátira sobre o diñeiro e o delirio capitalista dirixida polo dobre gañador da Palma de Ouro en Cannes Ruben Östlund.

🏆 **Mellor Filme Cannes 2022**



TÁR

ESTREA 3 FEB

Todd Field, 158', VOSE, ING, +12

Con Cate Blanchett, Noémie Merlant

A vida de Lydia Tár parece un soño feito realidade, é unha das directoras de orquestra máis famosas e vangardistas. Cando comeza a preparar a Sinfonía n.º 5 de Gustav Mahler, a súa vida comeza a virse abaixo sen que ela poida facer nada para evitalo.

🏆 **Mellor Actriz Venecia 2022**
6 nominacións Oscar 2023



ALMAS EN PENA DE INISHERIN

ESTREA 10 FEB

Martin McDonagh, 114', VOSE, ING, +16

Con Colin Farrell, Brendan Gleeson

Pádraic e Colm son dous amigos que viven nunha illa remota fronte a costa oeste de Irlanda. As súas vidas entran nun caleixón sen saída cando Colm pon fin á amizade de ambos dun xeito abrupto.

🏆 **Mellor Actor e Guión Venecia 2022**



THE QUIET GIRL

ESTREA 24 FEB

Colm Bairéad, 95', VOSE, GA

Con Catherine Clinch, Carrie Crowley

Na Irlanda rural de 1981, Cáit, unha nena de nove anos, vive retraída entre a súa familia numerosa e hostil. Seus pais envían a pasar o verán a casa duns parentes onde o misterioso silencio de Cáit choca coa calor dun fogar e con idílicas paisaxes. Alí, a pequena farase eco do segredo que esta familia adoptiva cala.

🏆 **Nomeada ao Oscar a Mellor Filme Internacional 2023**



DISTURBIOS

ESTREA 24 FEB

Cyril Schäublin, 93', VOSG, AL

Con Clara Gostynski, Alexei Evstratov

As novas tecnoloxías están a transformar unha cidade reloxeira do século XIX en Suíza. Josephine, unha moza traballadora dunha fábrica involúcrase no movemento local anarquista onde coñece o viaxeiro ruso Piotr Kropotkin.

🏆 **Mellor Dirección Berlinale Encounters 2022**

Especial Jean Eustache



OS MEUS PEQUENOS AMORES 16 E 18 FEB

Jean Eustache, 123', VOSE, FR, 1974

Con Martin Loeb, Ingrid Caven

Daniel vive feliz nunha pequena vila do sur de Francia coa súa avoa e os seus amigos. Ao mudarse a Narbona coa súa nai ten que buscar traballo como aprendiz de mecánico. Na cidade descobre o mundo dos adultos ao mesmo tempo que experimenta as súas primeiras relacións amorosas.

Carta branca Cyril Schäublin



XENTE EN DOMINGO

PASE ÚNICO 21 FEB

R. Siodmak / C. Siodmak / E.G. Ulmer /

F. Zinnemann, 74', VOSE, AL, 1930

Con Brigitte Borchert, Christel Ehlers,

Dous homes da clase obreira berlinesa quedan con dúas mozas para pasar o domingo xuntos. Durante a xornada de lecer comezan a agromar flirteos, rivalidades e celos. Singular mestura de ficción e documental codirixida por futuros cineastas de culto do cinema clásico.

Os ollos verdes



LA AMIGA DE MI AMIGA

PASES ÚNICOS 6-13 FEB

Zaida Carmona, 89', VO, ESP, +16

Con Zaida Carmona, Rocío Saiz

Teñen trinta anos pero viven como cando tiñan vinte, aínda que xa non teñen idade para se converter en mozas promesas. Están namoradas do amor pero, na súa busca, destrózanse unhas a outras, metendo a zoca en cada relación.

🏆 Premio Un impulso colectivo D'A Film Fest 2022

Paulo Rocha Esencial



ORÍO DE OURO

PASE ÚNICO 7 FEB

Paulo Rocha, 95', VOSG, PT, 1998

Con Isabel Ruth, Lima Duarte

Ambientada nos anos 50, a rexión do Douro é escenario dun drama de amores trágicos nun filme posuído por unha forza telúrica, onde a paixón e a violencia palpitan, sendo para moitos a obra mestra de Paulo Rocha.

Foco Chantal Akerman



SAUTE MA VILLE

+ EU, TI, EL, ELA PASE ÚNICO 28 FEB

Chantal Akerman, 82', VOSE, FR, 1974

Con Chantal Akerman, Niels Arestrup

Arranca o Foco Chantal Akerman coa súa primeira curta, a irreverente *Saute ma ville*, xunto a emblemática *Eu, ti, el, ela*, longametraxe dividida en tres seccións: Tempo da subxectividade, Tempo do outro e Tempo da relación. As tres contan coa propia Akerman encarnando a Julie, unha moza solitaria que executa as mesmas actividades unha e outra vez.

Petís NUMAX



BILL E JANET E OUTRAS CRÓNICAS MARCIANAS

25-26 FEB

VV.AA, 58', VE, +3

Nun afastado planeta viven dúas familias de marcianos: os Smeds e os Smoos. Os Smeds e os Smoos non se levan ben; viven separados e nunca xogan xuntos, está prohibido! Un programa sobre marcianos e naves espaciais que nos ensinan a traballar a tolerancia e a aceptación da diversidade.

Tempara de arte



O INDOMABLE MODIGLIANI

PASES ÚNICOS 27-28 FEB

Valeria Parisi, 90', VOSE, ITA

Nacido en Livorno, na Toscana, Amedeo Modigliani viviu unha curta e atormentada vida, narrada aquí desde un punto de vista orixinal, o da súa última parella e musa Jeanne Hébuterne.

NUMAX NA ESCOLA

2022/2023

**EDUCACIÓN
INFANTIL,
PRIMARIA,
SECUNDARIA
E BACHARELATO**

Proxeccións educativas para infantil, primaria, secundaria e bacharelato. Unha proposta ampla e variada, con obras seleccionadas e premiadas en festivais internacionais, que agrupamos por eixos temáticas para unha doada adaptación ás necesidades curriculares do profesorado.




Infórmate en escola@numax.org

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

   Síguenos en @numaxcoop

AAAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**
